UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución reitoral pola que se aproban as bases dos "*Premios Xosé Luis Armesto – As Mariñas Douradas, de loita contra o cambio climático na Galiza*" e se procede á súa convocatoria para o ano 2026.

Texto consolidado

Última modificación: Resolución reitoral do 30 de outubro de 2026 pola que se modifican as bases dos "*Premios Xosé Luis Armesto – As Mariñas Douradas, de loita contra o cambio climático na Galiza"* e se procede á súa convocatoria para o ano 2026.

Xosé Luís Armesto, quen foi catedrático de Química Física e reitor da Universidade da Coruña (UDC), doou un inmoble da súa propiedade á UDC baixo a condición de crear os Premios As Mariñas Douradas de loita contra o cambio climático na Galiza, que terán como finalidade recoñecer e fomentar o estudo e a investigación sobre o cambio climático desde unha perspectiva galega, mediante a concesión de dez galardóns a Traballos de Fin de Grao (TFG) elaborados en lingua galega, que teñan acadado a cualificación de sobresaínte nalgunha das oportunidades do curso académico e para cada unha das cinco ramas de coñecemento: Artes e Humanidades, Ciencias Xurídicas e Sociais, Enxeñaría e Arquitectura, Ciencias e Ciencias da Saúde. Establécese a convocatoria dunha edición anual, cun total de dez premios cunha dotación de mil euros (1.000 €).

Para os efectos de cumprir coa vontade do doante, apróbanse as seguintes bases, que rexerán o concurso para a concesión dos *"Premios Xosé Luis Armesto - As Mariñas Douradas, de loita contra o cambio climático na Galiza".*

1. Finalidade

Nos termos previstos na doazón realizada por Xosé Luis Armesto á UDC (aceptada por acordo do Consello Social de 16 de xullo de 2025) estes premios terán como finalidade recoñecer e fomentar o estudo e a investigación sobre o cambio climático desde unha perspectiva galega, mediante a concesión de galardóns a Traballos de Fin de Grao (TFG) elaborados en lingua galega, que teñan acadado a cualificación de sobresaínte.

2. Aspirantes aos premios

Estes premios se dirixen ás persoas que defendan o seu TFG en titulacións oficiais de grao da Universidade da Coruña e que acaden a cualificación de sobresaínte.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: NEG8JQRVACSPUA71ANE7QH6S
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 02/11/2026 14:16:45 Página 1 de un total de 11 página(s).

3. Convocatorias e contía dos premios

Cada ano convocaranse dez (10) premios, garantindo, de ser posible, cinco (5) para cada unha das cinco ramas de coñecemento seguintes: Artes e Humanidades, Ciencias Xurídicas e Sociais, Enxeñaría e Arquitectura, Ciencias Experimentais e Ciencias da Saúde. Na convocatoria indicarase o prazo de presentación de candidaturas e a composición do Xurado.

A dotación de cada premio é de mil euros (1.000 €).

4. Publicidade

As presentes bases e a convocatoria serán publicadas no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC (TEO). Así mesmo, co fin de dar a máxima difusión aos premios, anunciarase a convocatoria nos centros a través das persoas coordinadoras dos graos, e a todas as persoas interesadas a través dos canais de comunicación da UDC, entre eles a páxina web da Universidade e as redes sociais.

5. Temática e autoría dos TFG

A temática dos TFG estará referida á loita contra o cambio climático e a todos os problemas que o rodean, abordados dende unha perspectiva moi ampla e, en todo caso, ligada a Galicia.

O TFG debe ser orixinal, individual e inédito. Calquera traballo que presente evidencias de fraude académico ou autoría múltiple será descualificado.

6. Presentación de candidaturas

O prazo de presentación de candidaturas sinalarase na convocatoria.

A persoa titular da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización poderá ampliar o prazo de terse presentado menos de dez candidaturas ao remate do prazo. A resolución de ampliación terá a mesma difusión e publicidade que a convocatoria.

A presentación da candidatura implica a aceptación destas bases e do contido da convocatoria.

Dado que o marco temático da convocatoria é moi amplo e multidisciplinar e, tendo en conta que os TFG se poden configurar con esquemas e formatos moi diversos segundo as titulacións, a presentación da candidatura debe acompañarse dos seguintes documentos, no formato que se dispoña en cada convocatoria, a fin de facilitar a súa valoración por parte dun xurado e a súa posible difusión e publicación posterior:

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: NEG8JQRVACSPUA71ANE7QH6S
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 02/11/2026 14:16:45 Página 2 de un total de 11 página(s).

1) Resumo do traballo presentado (menos de 2000 caracteres, espazos incluídos)

2) Xustificación da orixinalidade, na que se indique de forma explícita as aportacións do TFG en relación coa temática indicada do Premios desde unha perspectiva galega (menos de 2000 caracteres, espazos incluídos).

3) Versión íntegra do traballo, en formato .pdf, nun único arquivo.

7. Xurado

O Xurado estará constituído por seis membros: a persoa titular da Vicerreitoría competente en materia de títulos e cinco vogais, un por cada rama de coñecemento, designados polo Reitor entre profesorado da UDC con experiencia acreditada na temática dos Premios. O Xurado actuará asistido por unha persoa secretaria, elixida pola presidencia do Xurado entre o PTXAS. As persoas que conformen o Xurado recibirán unha certificación pola súa participación.

O fallo do Xurado será inapelable, comunicarase a cada unha das persoas participantes por correo electrónico e publicarase no TEO e na web da UDC. Os premios poderán ser declarados desertos por acordo unánime dos membros do Xurado.

8. Entrega dos premios e difusión

A entrega dos premios realizarase nun acto público académico no que as persoas premiadas recibirán un diploma acreditativo. As persoas directoras dos TFG premiados recibirán unha certificación de ter dirixido o traballo premiado.

Os resumos dos TFG premiados serán publicados na web da UDC co obxectivo darlle difusión.

9. Protección de datos

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), os datos facilitados na concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (R/Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal).

A finalidade do tratamento destes datos persoais é a xestión do procedemento de

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: NEG8JQRVACSPUA71ANE7QH6S
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 02/11/2026 14:16:45 Página 3 de un total de 11 página(s).

concesión dos premios desta convocatoria. Todas as persoas que teñan acceso a estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

O tratamento dos datos persoais está baseado nos apartados a) e e) do artigo 6.1 RXPD (consentimento da persoa interesada e cumprimento dunha misión en interese público). En aplicación do principio de transparencia, a concorrencia a esta convocatoria implica a publicación dos datos persoais no TEO. As persoas que, por encontrarse nalgunha situación excepcional, desexen manifestar a súa oposición á publicación dos seus datos, poden manifestalo con carácter previo mediante un correo electrónico dirixido a dpd@udc.gal.

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade indicada nesta convocatoria, e durante o tempo necesario para atender ás posibles responsabilidades que se puideran derivar do tratamento dos datos.

A persoa interesada consinte o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Toda a información relativa aos dereitos en materia de protección de datos persoais pode consultarse no seguinte enlace:

https://www.udc.es/es/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/normativa-dereitos-e-rexistro/.

A Coruña, na data de sinatura dixital.

O reitor
PD (RR 28/08/2026)
O vicerreitor de Titulacións e Internacionalización

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: NEG8JQRVACSPUA71ANE7QH6S
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 02/11/2026 14:16:45 Página 4 de un total de 11 página(s).

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: NEG8JQRVACSPUA71ANE7QH6S
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 02/11/2026 14:16:45 Página 5 de un total de 11 página(s).

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO

Convocatoria da I edición dos *"Premios Xosé Luis Armesto – As Mariñas Douradas, de loita contra o cambio climático na Galiza"*

CAPÍTULO I. Disposicións xerais 5
Artigo 1. Obxecto 5
Artigo 2. Requisitos das persoas participantes 6
Artigo 3. Premios e contía 6
Artigo 4. Dotación orzamentaria e fiscalidade 6
CAPÍTULO II. Procedemento de adxudicación 7
Artigo 5. Presentación de candidaturas 7
Artigo 6. Listaxe provisoria e definitiva de candidaturas admitidas e excluídas 7
Artigo 7. Xurado 7
Artigo 8. Valoración e proposta de resolución 8
Artigo 9. Adxudicación 9
CAPÍTULO III. Obrigas das persoas premiadas 9
Artigo 10. Obrigas 9
Artigo 12. Renuncia e revogación do premio 9
Artigo 13. Propiedade intelectual e difusión dos traballos premiados 10
CAPÍTULO IV. Protección de datos e información 10
Artigo 14. Tratamento de datos de carácter persoal 10
Artigo 15. Información 11
Disposición final. Eficacia 11

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

1. A Universidade da Coruña (UDC), a través da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización (VTI), convoca a primeira edición dos *"Premios Xosé Luis Armesto – As Mariñas Douradas, de loita contra o cambio climático na Galiza",* destinados a recoñecer e promover o estudo e a investigación sobre o cambio climático desde unha perspectiva galega.

2. Os premios concederanse aos traballos de fin de grao (TFG) elaborados en lingua galega que obtivesen a cualificación de sobresaliente, de acordo coas bases dos *"Premios Xosé Luis Armesto: As Mariñas Douradas, de loita contra o cambio climático na Galiza"*, aprobadas por resolución reitoral do 29 de xaneiro de 2026, modificadas por resolución reitoral de 30 de outubro de 2026.

Artigo 2. Requisitos das persoas participantes

1. Poderán participar nesta convocatoria as persoas que defendesen un TFG nunha titulación oficial de grao da UDC e obtivesen a cualificación de sobresaliente.

2. Nesta primeira edición poderán concorrer os TFG defendidos entre o 1 de xaneiro de 2026 e o último día do prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 3. Premios e contía

1. Convócanse dez (10) premios, cunha dotación económica de mil euros (1.000 €) cada un, distribuídos entre as seguintes ramas de coñecemento:

a) Artes e Humanidades.

b) Ciencias Xurídicas e Sociais.

c) Ciencias Experimentais.

d) Enxeñaría e Arquitectura.

e) Ciencias da Saúde.

2. A concesión dos premios quedará condicionada á existencia de candidaturas que, a xuízo do xurado, acrediten unha calidade suficiente.

Artigo 4. Dotación orzamentaria e fiscalidade

1. Esta convocatoria conta cun orzamento máximo de dez mil euros (10.000 €) que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 040A 121A 480.02 da UDC.

2. Os premios obxecto desta convocatoria estarán suxeitos ás retencións que correspondan de acordo coa normativa tributaria aplicable, en particular no imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) ou no imposto sobre a renda de non residentes (IRNR).

3. Calquera outra obriga tributaria derivada da percepción do premio corresponderá á persoa premiada. A UDC queda exonerada de toda responsabilidade respecto do cumprimento destas obrigas.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: NEG8JQRVACSPUA71ANE7QH6S
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 02/11/2026 14:16:45 Página 6 de un total de 11 página(s).

CAPÍTULO II. Procedemento de adxudicación

Artigo 5. Presentación de candidaturas

1. As persoas interesadas terán que presentar a súa candidatura a través do formulario habilitado para este fin na páxina web da Universidade da Coruña https://www.udc.gal/es/goberno/equipo_reitoral/vti/convocatorias/

2. Xunto coa candidatura presentarase a seguinte documentación:

a) Un resumo do traballo, cunha extensión máxima de 2.000 caracteres, espazos incluídos.

b) Unha xustificación da súa orixinalidade, na que se detalle de forma expresa a contribución do TFG á loita contra o cambio climático desde unha perspectiva galega, cunha extensión máxima de 2.000 caracteres, espazos incluídos.

c) A versión íntegra do traballo, en formato PDF, nun único arquivo.

3. A documentación deberase presentar de acordo co establecido nas bases reguladoras dos premios.

4. O prazo para presentar as candidaturas e a documentación complementaria comezará ao día seguinte da publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Sede Electrónica da UDC, e finalizará ás 23:59 horas do día 16 de decembro de 2026.

5. Non se admitirán candidaturas presentadas fóra de prazo.

Artigo 6. Listaxe provisoria e definitiva de candidaturas admitidas e excluídas

1. Unha vez que finalice o prazo para presentar as candidaturas, o xurado revisará as presentadas para comprobar que cumpren cos requisitos establecidos nos artigos 2 e 5 e publicará no TEO da UDC unha listaxe provisoria de candidaturas admitidas e, de ser o caso, excluídas, con indicación das causas de exclusión.

2. A partir do día seguinte á publicación desta listaxe abrirase un prazo de cinco días hábiles para emendar as deficiencias detectadas, a través do Rexistro Electrónico da UDC (mediante escrito dirixido á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización). Logo de que transcorra este prazo sen que se emenden as causas de exclusión, considerarase que a persoa afectada desiste da súa solicitude.

3. O xurado publicará a listaxe definitiva de candidaturas admitidas e excluídas no TEO da UDC indicando os recursos que procedan.

Artigo 7. Xurado

1. As candidaturas serán valoradas polo seguinte xurado:

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: NEG8JQRVACSPUA71ANE7QH6S
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 02/11/2026 14:16:45 Página 7 de un total de 11 página(s).

a) A persoa titular da vicerreitoría competente en materia de titulacións, ou persoa en quen delegue, que exercerá a presidencia.

b) A persoa titular do decanato da Facultade de Filoloxía, ou persoa en quen delegue.

c) A persoa titular do decanato da Facultade de Dereito, ou persoa en quen delegue.

d A persoa titular do decanato da Escola Técnica Superior de Arquitectura, ou persoa en quen delegue

e) A persoa titular do decanato da Facultade de Ciencias, ou persoa en quen delegue

f) A persoa titular do decanato da Facultade de Enfermaría, ou persoa en quen delegue

g) Unha persoa integrante do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) da Universidade da Coruña, que exercerá a secretaría.

2. O xurado resolverá as cuestións de interpretación e aplicación desta convocatoria.

3. Cando a especificidade dos traballos o requira, poderanse nomear persoas expertas para asesoramento do xurado.

Artigo 8. Valoración e proposta de resolución

1. O xurado valorará as candidaturas, ata un máximo de 100 puntos, en función da calidade dos traballos presentados, da súa relación coa loita contra o cambio climático e da contribución realizada desde unha perspectiva galega, de acordo cos seguintes criterios:

a) Relevancia e adecuación á temática da loita contra o cambio climático en Galicia: ata 35 puntos.

b) Orixinalidade e carácter innovador do traballo: ata 25 puntos.

c) Calidade metodolóxica, técnica e académica: ata 25 puntos.

d) Impacto potencial, transferencia de coñecemento e aplicabilidade dos resultados: ata 15 puntos.

2. En caso de empate, terá preferencia a candidatura que obteña a maior puntuación no criterio establecido na letra a). Se o empate persiste, atenderase sucesivamente ás puntuacións obtidas nos restantes criterios.

3. O xurado elaborará unha proposta.

Os premios poderán ser declarados desertos mediante acordo unánime das persoas integrantes do xurado.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: NEG8JQRVACSPUA71ANE7QH6S
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 02/11/2026 14:16:45 Página 8 de un total de 11 página(s).

Artigo 9. Adxudicación

1. A convocatoria resolverase mediante resolución reitoral, que será publicada no TEO e na páxina web da UDC, e notificada ás persoas participantes por correo electrónico.

2. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante a reitora ou o reitor da UDC no prazo dun mes, que contará a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Alternativamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o xulgado competente, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

CAPÍTULO III. Obrigas das persoas premiadas

Artigo 10. Obrigas

1. A presentación da candidatura supón a aceptación das bases reguladoras dos premios e do contido desta convocatoria.

2. O TFG debe ser orixinal, individual e inédito. Quedarán excluídos os traballos nos que se detecten indicios de fraude académico ou autoría múltiple.

3. A entrega dos premios realizarase nun acto académico público, no que as persoas premiadas recibirán un diploma acreditativo.

As persoas directoras dos TFG premiados recibirán unha certificación acreditativa da dirección do traballo premiado.

A data e o lugar do acto comunicaranse coa antelación suficiente a través das canles institucionais da UDC.

4. O incumprimento das bases da convocatoria, así como a ocultación, alteración ou manipulación de datos, poderá dar lugar á exclusión da candidatura ou, de ser o caso, ao reintegro das cantidades percibidas en concepto de premio.

Artigo 12. Renuncia e revogación do premio

1. As persoas premiadas poderán renunciar ao premio mediante escrito dirixido á vicerreitoría competente en materia de titulacións.

2. O incumprimento das obrigas establecidas nesta convocatoria poderá dar lugar á revogación do premio. Neste caso, a persoa premiada deberá reintegrar as cantidades percibidas.

3. Se algún premio quedase vacante por renuncia, revogación ou calquera outra causa, poderá ser adxudicado á persoa que corresponda segundo a orde establecida polo xurado, sempre que cumpra os requisitos exixidos.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: NEG8JQRVACSPUA71ANE7QH6S
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 02/11/2026 14:16:45 Página 9 de un total de 11 página(s).

Artigo 13. Propiedade intelectual e difusión dos traballos premiados

1. A autoría dos traballos premiados corresponderá ás súas persoas autoras, que conservarán os dereitos de propiedade intelectual sobre eles, nos termos establecidos nas bases desta convocatoria.

2. A concesión do premio non implicará a cesión dos dereitos de explotación dos traballos premiados á UDC.

3. Os resumos dos TFG premiados publicaranse na páxina web da UDC para favorecer a súa difusión.

4. As persoas gañadoras aceptan a difusión do seu nome e imaxe, de ser o caso, así como do título e do resumo do traballo premiado, nas comunicacións informativas ou divulgativas realizadas pola UDC.

CAPÍTULO IV. Protección de datos e información

Artigo 14. Tratamento de datos de carácter persoal

1. De conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da UDC, cuxos datos de contacto son: rúa Mestranza 9, 15001, A Coruña, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

2. Solicitar un destes premios implica aceptar o contido deste acordo e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola UDC, segundo a LOPD, para conceder os os Premios Xosé Luis Armesto – As Mariñas Douradas, de loita contra o cambio climático na Galiza. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa finalidade antes mencionada cumprirán co deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

3. Ao concorrer a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na documentación administrativa destes premios, no TEO da UDC e na páxina web da UDC, segundo o disposto na disposición adicional sétima da LOPD. O acordo desta convocatoria quedará publicado nos lugares indicados. Ademais, os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para os fins do tratamento e, en todo caso, durante os prazos que estableza a lexislación vixente, sen prexuízo do exercicio do dereito de supresión e demais dereitos previstos na LOPD.

4. A persoa interesada consente o tratamento dos seus datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efecto retroactivo. Poderá exercer os

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: NEG8JQRVACSPUA71ANE7QH6S
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 02/11/2026 14:16:45 Página 10 de un total de 11 página(s).

dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación do tratamento dos seus datos persoais, nos termos previstos na lexislación vixente, sen prexuízo do exercicio do dereito de supresión e demais dereitos previstos na LOPD.

Artigo 15. Información

As persoas interesadas poderán obter máis información sobre esta convocatoria dirixíndose á:

Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización

Tel.: 881 01 1157

Correo electrónico: vti@udc.gal

Disposición final. Eficacia

Esta convocatoria producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC.

Esta convocatoria poderá ser recorrida mediante un recurso potestativo de reposición perante a reitora ou o reitor da UDC no prazo dun mes, que contará a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Alternativamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o xulgado competente, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O reitor

PD (RR 28/08/2026)

O vicerreitor de Titulacións e Internacionalización

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: NEG8JQRVACSPUA71ANE7QH6S
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 02/11/2026 14:16:45 Página 11 de un total de 11 página(s).